

Feito coas mans

XULIO VALCÁRCCEL
xuliolv@gmail.com



A Feira de Artesanía de Ferreira de Pallares pon en valor o traballo creativo

Vivimos nun mundo no que case todo se produce por milleiros. Os obxectos nacen en cadeas de montaxe, idénticos uns aos outros, destinados a un consumo rápido e, con demasiada frecuencia, a unha desaparición tamén rápida. Un proceso que resulta alienante e empobrecedor.

A artesanía representa xustamente o contrario, un compendio de paciencia, oficio e orgullo polo traballo ben feito. A artesanía convidanos a recuperar unha relación co tempo máis pausada, a valorar o esforzo e a comprender que a beleza nace, moitas veces, da imperfección, desa pequena diferenza que converte cada peza nun exemplar único que leva impresa unha identidade. Ningunha é exactamente igual á anterior nin á seguinte.

As mans saben cousas que descoñece a propia intelixencia. Saben medir a humidade do barro, sentir a resistencia da madeira, interpretar a veta dunha pedra, escoitar o brillo do ferro cando alcanza a temperatura axeitada. Ese coñecemento, esa aprendizaxe ardua e laboriosa, non adoita aparecer nos libros: transmítese observando, practicando, repetindo..., é unha cultura viva.

Historicamente, cada territorio desenvolveu as súas propias formas artesanais en función da natureza que o rodeaba. Onde abundaba

a arxila, xurdían os oleiros; onde medraban castiñeiros, abundaban os cesteiros; onde había ameneiros, agromaban os zoqueiros; onde predominaba a pedra, apareceron os canteiros. Onde había ferro, medraban forxas e ferreiros. A la e o liño desenvolveron o labor de fiandeiras, tecedeiras e costureiras (aquelas mulleres, coa máquina na cabeza, de casa en casa arraxando roupas). A paisaxe, o medio natural era parte da propia existencia, o clima marcaba os ritmos e os recursos transformábanse en utilidade práctica. Hoxe, como antes, a artesanía é un saber ancestral, unha maneira de dicir: aquí estamos, seguimos traballando coa mesma dignidade coa que traballaron os nosos devanceiros.

Agora ben, "facer coas mans" significa tamén facer coa cabeza e co corazón. Cada obxecto encerra unha ética; a ética da paciencia fronte á prisa; a ética da duración fronte ao efémero; a ética da calidade fronte á uniformidade; a ética da proximidade fronte ao anonimato. Metáfora tamén da sociedade que deberíamos construír: unha sociedade que respecte a diversidade e non uniforme as persoas, que valore os saberes herdados, que aposte pola sustentabilidade e

que entenda que conservar unha tradición non significa gardala nun museo, senón mantela viva a través das novas xeracións, capaces de reinterpretala.

Mosteiro

Un grupo de persoas, encabezado por Carlos Vázquez, Benigno Lázare e Eduardo Ares promove a Feira de Artesanía, con varias edicións no seu haber, e o coñecemento e a divulgación do Mosteiro de Ferreira

de Pallares, que ben merece unha visita. Preto do mosteiro gurgulla a Fonte do Santo. A auga leva milenios abrollando coa mesma paciencia coa que nacen as tradicións. Chegan e vanse homes e mulleres, cambian os gobernos, mudan as tecnoloxías, pero a fonte continúa ofrecendo o seu cantaruxar humilde, ensinándonos que permanecer non consiste en ficar inmóbil; consiste en saber renovarse sen deixar de ser un mesmo.



Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA